

## ANEXO I PROPOSTA DE PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN STEMBACH

|  |                       |
|--|-----------------------|
| <b>Coordinación STEMBach na Facultade de Dereito:</b>                            |                       |
| Nome: Susana Álvarez González, Marta Fernández Prieto e Lourdes Borrajo Diz      |                       |
| Enderezo electrónico: <a href="mailto:sualvago@uvigo.gal">sualvago@uvigo.gal</a> | Teléfono: 988 368 838 |
| <b>Dirección do proxecto</b>   |                       |
| Nome: Virxilio Rodríguez Vázquez   |                       |
| Enderezo electrónico: <a href="mailto:virxilio@uvigo.gal">virxilio@uvigo.gal</a> | Teléfono: 988 368 842 |

NOTA: Os custos derivados da execución deste proxecto de investigación tales como os desprazamentos do profesorado da UVigo ao centro educativo ou doutras actividades establecidas no plan de traballo, correrán a cargo do centro educativo ao que se asigne este proxecto.

### Título

**Mapa da criminalidade en Galicia  
Análise cuantitativa dos delitos cometidos durante o ano 2023**

### Resumo

A investigación ten por obxectivo elaborar un mapa da criminalidade nun espazo xeográfico acoutado a Galicia e nun período temporal limitado ao ano 2023. Preténdese unha análise cuantitativa, xa que logo limitada a presentar o número de delitos cometidos durante ese período, identificando cales foron e onde se cometeron. Para esa análise empregarase un motor de busca de sentenzas concreto como é Westlaws-Aranzadi, definindo previamente a metodoloxía, así como os criterios de busca. Identificarse un programa informático para tratar os datos estatísticos. A partir de aí elaborase o mapa no que se ha sinalar o tipo de delito, o lugar xeográfico onde se cometeu e a data. En consecuencia só se terán en consideración sentenzas condenatorias e a nomenclatura empregada será exactamente a contida no texto do Código Penal. En canto ao lugar xeográfico, indicarase o Concello.

Esta análise cuantitativa completarse cunha breve análise cuantitativa na que se explicará en que parte do territorio galego se concentra a criminalidade e cal(es) é(son) o(s) delito(s) predominante(s).

A estes efectos, consultarase coa finalidade de contrastar os resultados obtidos tanto coa Memoria do Ministerio Fiscal como coas estatísticas do Ministerio do Interior.

### Obxectivo

1. Coñecer métodos de investigación cuantitativa propios das Ciencias Sociais.
2. Análise de textos xurídicos a través da lectura das sentenzas xudiciais.
3. Familiarizarse co Código Penal.
4. Saber presentar os resultados de investigación de forma clara e visual.

## Plan de traballo

1. Formación no emprego da Base de Datos informática de contido xurídico de Westlaw-Aranzadi.
2. Formación sobre a estrutura e contido das sentenzas xudiciais na xurisdición penal.
3. Definición da metodoloxía de busca das sentenzas, establecendo os criterios, o período e o ámbito xeográfico.
4. Tratamento dos datos, definindo a súa presentación.
5. Valoración cualitativa dos resultados acadados.
6. Finalización da redacción do traballo e preparación da defensa.